



O Neurocom comeza o venres os seus cafés científicos divulgativos

O grupo Neurocom, da Universidade da Coruña (UDC), retomará, desde este venres 19 de setembro ata o 24 de outubro, os cafés científicos de divulgación en varias vilas galegas. A Consellería de Innovación, que subvenciona esta iniciativa, informou que será un grupo de científicos das universidades galegas, acompañados dun actor, os que transmitirán “de xeito sinxelo, ameno e rigoroso distintos aspectos do coñecemento científico xeral” en establecimen-

tos da Estrada, Allariz, Ribeira e Vimianzo. Nos diálogos participarán Elena Vázquez, matemática e profesora na Universidade de Santiago (USC); Casto Rivadulla, neurofisiólogo; Luis Sampedro, do centro de Investigacións Ambientais de Lourizán; Alberto Velando, biólogo evolutivo da Universidade de Vigo; Eduardo Sánchez, físico da USC e Xurxo Mariño, neurofisiólogo da UDC. O teatro estará presente cos actores César Goldi e Vicente Souza. ■ EFE